

17<sup>2</sup>


## O DÍA 17 ÁS 17 HORAS TES DÚAS CITAS NO MACUF. VEN PASAR CON NÓS A TARDE DAS LETRAS

- 1) O obradoiro para rapaces titulado **VERSOS NO AR** terá lugar entre as 17:00 e as 18:30 horas. O tempo xusto para que:

a) Tomes un café na nosa **SALA DE DESCANSO**




b) Botes unha ollada ás **TRES EXPOSICIÓNS** que che ofrecemos:



**ÓSEOS COSMOS:** imaxes microscópicas de restos fósiles, nunha proposta singular que mestura vangarda científica e creación visual.



**ISABEL MUÑOZ:** retratos fotográficos en grande formato dos membros de diferentes tribus da Etiopía actual.



**HIPERVÍNCULOS:** repaso á arte española do século XX, a través dunha selección dos fondos de UNION FENOSA no Patio Herreriano.

- 2) Xusto despois, entre as 19:00 e as 20:00 horas, poderás desfrutar dun **CONCERTO** con versións cantadas de textos clásicos da nosa lírica.

## VERSOS NO AR

Para celebrar a 44ª edición do Día das Letras Galegas, adicado este ano á poeta María Mariño, a Biblioteca do MACUF organiza un obradoiro para rapaces no que poderán participar tamén os restantes membros da familia. Repasaremos a historia deste día e os seus protagonistas, e coñeceremos un pouco máis sobre a vida e maila obra da autora homenaxeada no 2007.

Elixiremos un dos poemas de María Mariño e xogaremos a poñerlle forma, cor, son, tacto e todo o que sexamos capaces de inventar. Cos traballos resultantes, reflexo dos nosos desexos e sensacións, construiremos unha obra colectiva, de máis de 4 metros de longo, e a penduraremos no aire como fan os lamas coas «bandeiras tibetanas».

Matrícula: gratuita previa inscrición no teléfono 981 178754.

Participantes: Un máximo de 25 rapaces de entre tres e doce anos, que poderán estar acompañados, se así o desexan, por un único adulto.

Hora e lugar: 17:00 horas, Aula de Didáctica do MACUF.



## LETRAS E VOCES

Recital de tenor acompañado por teclados, no que se interpretarán versións cantadas dalgúns dos versos máis senlleiros de Rosalía, Curros, Celso Emilio e outras figuras da poesía en lingua galega. A meirande parte destas melodías, hoxe inseparables dos textos orixinais, foron compostas no seu día por Prudencio Romo, patriarca da música galega que finou recentemente. Vaia dende aquí a nosa homenaxe.

Acceso gratuito, aforo limitado.

Hora e lugar: 19:00 horas, Auditorio do MACUF.

